

Modelo de carta para a realización de contacto previo co axente comercial.

Moi Sr. Meu:

A través de..... (indicar o organismo ou a fonte, se tivese interese) tivemos coñecemento da súa actividade como axente comercial en..... (nome do país, ou zona do mesmo).

Somos....., empresa española dedicada á (...fabricación, ou o que corresponda) de produtos de (.....sector) orientados ao sector de (.....sector de demanda), os (.....nome do ou dos produtos, e quizá algún dato relevante sobre os mesmos, se fose lugar), con xxxxx anos de experiencia no mercado, (a partir de aquí pódese indicar algún dato relevante como anos de existencia, marca se existise, se é PEME, e quizá algún dato de tipo xeral sobre o tamaño da empresa, se xa exportara a algún outro mercado, se dispuxese de licenza, tecnoloxía, etc).

O noso interese céntrase na procura dunha persoa que poida representar os nosos intereses como axente comercial para a gama de produtos (especificar se son todos os da empresa ou só algúns) en..... mercado)..

Buscamos alguén que: (elixir entre as opcións)

- Coñeza o mercado de.....
- Represente á nosa empresa ante organismos, e grandes empresas de.....
- Busque oportunidades e contacte co mercado potencial de.....
- Poida establecer a comunicación co cliente e facer de ponte entre este e a nosa empresa.....
- Realice as xestións necesarias ata chegar a preparar operacións de venda.....

Estudo de Oportunidades de Negocio no Exterior

- Partindo dunha base de formación técnica e tras un período de formación coa nosa empresa, poida expoñer e defender tecnicamente o produto ante posibles clientes-usuarios en.....

Se está Vd. interesado en colaborar coa nosa empresa, rógolle póñase en contacto connosco, indicando o seu posible interese e breve historial, así como unha indicación do seu grado de coñecemento do sector indicado.

Atentamente,